

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DA PRESIDENCIA

- 4120** *Real decreto 303/2011, do 4 de marzo, polo que se modifican o Regulamento xeral de circulación, aprobado polo Real decreto 1428/2003, do 21 de novembro, e o texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade viaria, aprobado polo Real decreto lexislativo 339/1990, do 2 de marzo, e se reduce o límite xenérico de velocidade para turismos e motocicletas en autoestradas e autovías.*

Os límites xenéricos de velocidade establécense no Regulamento xeral de circulación, aprobado polo Real decreto 1428/2003, do 21 de novembro, que aplica e desenvolve o texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade viaria, aprobado polo Real decreto lexislativo 339/1990, do 2 de marzo.

Estes límites xenéricos fíxanse, en función do tipo de vía e do vehículo, atendendo ás consecuencias que a súa superación implicaría na produción de accidentes de tráfico, por unha parte, e no agravamento das consecuencias para os lesionados, unha vez producido o accidente.

Malia o anterior, razóns diferentes ás relacionadas coa sinistralidade poden exixir o establecemento de determinados límites de velocidade que permitan conseguir obxectivos noutros ámbitos ou áreas non relacionados coa seguridade viaria.

É o caso da redución do consumo de enerxía. A conxuntura internacional e a evolución do prezo do petróleo poñen de manifesto a necesidade de adoptar medidas encamiñadas á redución do consumo de combustible. Neste sentido, a maior porcentaxe de consumo de petróleo áchase no sector do transporte. E é aquí onde diferentes estudos e investigacións indican que a redución da velocidade de circulación dos vehículos en autoestradas e autovías diminúe considerablemente o consumo de combustible.

Por tanto, vistas as actuais circunstancias, resulta aconsellable reducir o límite xenérico de velocidade para turismos e motocicletas, en autoestradas e autovías, de 120 km/h a 110 km/h. Con esta finalidade, modifícase o artigo 48 do Regulamento xeral de circulación.

Esta medida aplicarase transitoriamente en atención aos resultados obtidos.

Igualmente, en uso da habilitación conferida ao Goberno na disposición derradeira primeira do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade viaria, resulta necesario modificar o seu anexo II para que a detracción de puntos por exceso de velocidade se manteña, neste caso, nos límites actuais.

Esta norma conta co informe do Consello Superior de Seguridade Viaria, de conformidade co disposto na letra e) do punto terceiro do artigo 5 do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade viaria.

Na súa virtude, por proposta dos ministros do Interior, de Defensa, de Fomento e de Industria, Turismo e Comercio, coa aprobación previa do ministro de Política Territorial e Administración Pública, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 4 de marzo de 2011,

DISPOÑO:

**Artigo 1.** *Modificación do Regulamento xeral de circulación, aprobado polo Real decreto 1428/2003, do 21 de novembro.*

O primeiro inciso do punto 1 da letra a) do punto primeiro do artigo 48 do Regulamento xeral de circulación queda redactado da seguinte maneira:

«1. En autoestradas e autovías: turismos e motocicletas, 110 quilómetros por hora.»

Artigo 2. *Modificación do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade viaria, aprobado polo Real decreto legislativo 339/1990, do 2 de marzo.*

Engádeselle un segundo inciso ao parágrafo segundo do anexo II do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade viaria, coa seguinte redacción:

«... Nos supostos de redución do límite xenérico de velocidade en autoestradas e autovías de 120 km/h a 110 km/h, resultará de aplicación a perda de puntos establecida no anexo IV para o límite de velocidade de 120 km/h.»

Disposición derogatoria única. *Derrogación xeral.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto enténdese ditado ao abeiro da competencia exclusiva do Estado en materia de tráfico e circulación de vehículos de motor atribuída polo artigo 149.1.21.<sup>a</sup> da Constitución.

Disposición derradeira segunda. *Vixencia.*

1. A vixencia deste real decreto comezará ás 6:00 horas do 7 de marzo de 2011 e concluírá o 30 de xuño de 2011. Porén, o Goberno poderá acordar a súa prórroga atendendo á situación do mercado enerxético.

2. Unha vez que conclúa a vixencia do previsto neste real decreto, o límite máximo de velocidade para turismos e motocicletas en autoestradas e autovías, así como a detracción de puntos, volverán ser os vixentes con anterioridade á entrada en vigor desta norma.

Dado en Madrid o 4 de marzo de 2011.

JUAN CARLOS R.

O ministro da Presidencia,  
RAMÓN JÁUREGUI ATONDO